



ORIXE: A12X00118 - SERVIZO TERRITORIAL DE INSPECCIÓN EDUCATIVA
ASUNTO: OFERTA POSTOS ESCOLARES CURSO 2021/2022- **CEIP Paradai**

DATA: 25 de febreiro 2021

O artigo 2 do DECRETO 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG 26 de decembro de 2012), establece, no seu apartado 2: *“A consellería competente en materia de educación realizará a programación xeral e a oferta anual de prazas escolares tendo en conta a oferta existente de centros públicos e privados concertados e, como garantía de calidade da educación, realizará unha adecuada e equilibrada escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo”*.

O artigo 3 da Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que imparten as ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG 15 de marzo de 2013), establece, no seu apartado 1: *“A persoa titular da xefatura territorial, por proposta da dirección dos centros públicos e da titularidade dos centros privados concertados, determinará o número de postos escolares vacantes en cada centro, de acordo coa planificación previamente elaborada e a capacidade deste, así como co establecido no seu réxime de autorización e o número de unidades concertadas no caso dos centros privados concertados”*. Asemade establece, no seu apartado 2: *“En todo caso para escolarizar ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, deberá reservar tres postos escolares por unidade, nos seguintes cursos: 4º de educación infantil, 1º de educación primaria e 1º de educación secundaria obrigatoria”*.

De acordo con isto e unha vez analizada a proposta formulada por VD a través da aplicación de Admisión Alumnado.

RESOLVO

Determinar o número de postos escolares vacantes nese centro para o curso 2021/2022:

4º E.I.	5º E.I.	6º E.I.	1º E.P.	2º E.P.	3º E.P.	4º E.P.	5º E.P.	6º E.P.
50*	20	16	*29	12	12	13	15	3

*** Destes, reservaranse 6 postos escolares en 4º de E. Infantil e 6 en 1º de E. Primaria para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.**

A Xefa Territorial

Asdo.: M^a del Carmen Gueimunde González

SRA DIRECTORA DO CEIP **Paradai** de LUGO.

